BANDO

COBRANZA EN VOLUNTARIA DOS PADRÓNS DAS TAXAS DE MERCADOS MUNICIPAIS (BANCADAS, MERCADO E MERCADILLO) CORRESPONDENTES AO 1T/2020.

Logo de seren aprobados mediante resolución da Alcaldía os **padróns municipais das taxas de mercados municipais (bancadas, mercado e mercadillo) correspondente ao 1º TRIMESTRE DO 2020** expóñense ao público, para os efectos de exame e reclamacións, por un período de 15 días, que comezará a contarse a partir do día seguinte en que este anuncio sexa publicado no *Boletín Oficial da Provincia*.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, comunícaselles aos/ás contribuíntes afectados/as que o período voluntario de cobranza do mencionado padrón será do **15 de xaneiro ao 31 de marzo de 2020**, ambas as dúas datas incluídas, mediante a orde de domiciliación bancaria ou nas oficinas das entidades colaboradoras (na propia oficina bancaria, nos caixeiros automáticos e a través de sede electrónica do Concello-pasarela de pagos), empregando os recibos que se enviarán ao domicilio declarado do/da contribuínte por correo ordinario. De non recibir os ditos documentos de pago, deberán solicitar un duplicado nas dependencias da Tesourería-Recadación do Concello do Grove. Para os recibos domiciliados o cargos nas contas bancarias efectuarase a partir do día **28 de febreiro deste ano.**

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5, 10 ou 20% e os demais conceptos esixibles.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da vixente Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón poderá interporse un recurso de reposición ante o alcalde-presidente no prazo dun mes, que comezará a contarse desde o día seguinte ao do remate do período da súa exposición pública, de conformidade co previsto no artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O alcalde

Jose Cacabelos Rico

Cod. Validación: [redacted]
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 1